


Rede galega contra a trata

Quen somos? Que facemos?

A REDE GALEGA CONTRA A TRATA SEXUAL está formada por 11 entidades sociais da comunidade autónoma galega dende o ano 2008 co fin de ser un instrumento de coordinación entre as organizacións integrantes da rede, sensibilizar aos axentes sociais implicados nesta vulneración dos Dereitos Humanos e problemática social, así como unha plataforma asamblearia de denuncia e incidencia política na loita contra a trata de persoas.

As entidade sociais que forman parte da Rede Galega contra a Trata Sexual son:

- Fundación Amaranta (Ourense)
- Faraxa (Vigo)
- Aliad (Lugo)
- Médicos do Mundo Galicia
- Ecos do Sur Galicia
- Cáritas Diocesana Lugo
- Cáritas Diocesana Ourense
- ACCEM Galicia
- O Mencer Oblatas (Ferrol)
- Programa Vagalume Oblatas-Cáritas Diocesana Santiago
- A investigadora social Silvia Pérez Freire



Contacta con nós:

No correo electrónico:
redegalegatrata@gmail.com

Ou no teléfono:
981 585 515

VI XORNADA GALEGA Violencias invisibles: trata con fins de explotación sexual




Organiza:



Rede galega
contra a trata

Colaboran:



19 DE OUTUBRO DE 2017

LUGAR
CGAC

Rúa Valle Inclán, 2. 15703-Santiago

Xornada de entrada libre
Aforo limitado


Inscripción no seguinte enlace:

<https://goo.gl/forms/4HU1jwohZmRfNH663>


Por qué e para qué esta Xornada?

A trata é un problema global moi complexo en continuo cambio, por iso é preciso o estudo permanente do perfil das vítimas, países de orixe e rutas empregadas polos tratantes como elementos esenciais para poder combater esta violación dos Dereitos Humanos.

Atopar cifras exactas que axuden a dimensionar esta realidade é complexo. Algún dos datos que nos sitúan na gravidade da trata dende una perspectiva de xénero son:

 84 % das persoas vítimas de trata en Europa son utilizadas con fins de explotación sexual, onde España é un dos principais países de destino.

 80 % da vítimas identificadas son mulleres e nenas.

 1 de cada 7 mulleres que está en situación de prostitución en toda Europa é vítima de Trata de persoas. Esta media aumenta se ademáis falamos de explotación sexual.

(Datos según Oficina de Naciones Unidas contra la Droga y el Delito, UNODC. Informe 2010)

Pretendemos que a VI Xornada Galega contra a Trata con fins de explotación sexual sexa un foro para reflexionar e debater sobre as ferramentas actuais de intervención no marco legal, social, e sanitario, así coma un espazo para abrir novas perspectivas de abordaxe dende a transversalidade da perspectiva de xénero e un enfoque baseado nos Dereitos Humanos. O único xeito de avanzar cara a erradicación deste delito é romper o silencio contra a trata, visibilizar esta cruel realidade e actuar con determinación para combatila.

VI XORNADA GALEGA CONTRA A TRATA SEXUAL

Violencias de xénero invisibles:

Trata con fins de explotación sexual

Santiago de Compostela

19 outubro de 2017

PROGRAMA:

9:30 h

Recepción de participantes e entrega de material.

9:45 h

Presentación da xornada.

Susana López Abella, Secretaria Xeral de Igualdade e Lorena Nieto Iglesias, Portavoz da Rede Galega contra a Trata Sexual.

10:00 h

Ponencia:

Visibilización e Contextualización da trata con fins de explotación sexual como Violencia de Xénero.

Raquel Doval, Psicóloga especializada en Xénero.

11:10 h

Rogos e Preguntas.

11:30 h

Actividade de sensibilización.

AveLina Pérez, Directora Teatral, Dramaturga e Actriz.

11:45 h / 12:15 h

Pausa Café.

12:15 h / 13:30 h

CONVERSAS ENTRE...

Tema: Traballando polos dereitos das mulleres en situación de trata sexual. Actualidade: Marco legal e social e retos de mellora dende a perspectiva de xénero.

Participan:

- *Inmaculada Montalbán, Presidenta do Observatorio nacional contra a violencia de xénero e comisión de igualdade do CGPJ (2008-2013).*

- *Natividad Penas, Inspectora xefa UCRIF e interlocutora CNP provincia A Coruña.*

- *Representación da entidade especializada en Trata con fins de explotación Sexual, APRAMP.*

Moderar:

Hilde Daems. Responsable da área de Muller Cáritas Española.

13:30 h

Rogos e Preguntas.

13:45 h / 16:00 h

Pausa Comida.

16:00 h / 16:30 h

BOAS PRÁCTICAS:

Proxecto Europeo da Xunta de Galicia Draw The Line. Empoderamento de mulleres contra a Violencia de Xénero.

Belén Liste, Subdirectora Xeral para o tratamento de Violencia de Xénero, e María Angélica Mercado, Medidora e Formadora do proxecto.

16:30 h / 17:45 h

Ponencia:

Refuxio dende a perspectiva de Xénero. Unha ferramenta para o dereito á protección internacional de mulleres e nenas vítimas de TSH.

Belén Walliser, Asesora xurídica de CEAR Madrid.

17:45 h / 18:05 h

Rogos e Preguntas.

18:05 h

Actividade Sensibilización.

AveLina Pérez, Directora Teatral, Dramaturga e Actriz.

18:30 h

Peche da xornada.

Beatriz García, Asesora Xurídica do Programa Vagalume, Oblatas/Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.